

COMPARECENCIA SOBRE LUSOFONÍA 2019

ÍNDICE

SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

1. Ensinanza en lingua portuguesa

- 1.1. O ensino do portugués na ESO e no Bacharelato
- 1.2. Seccións bilingües en lingua portuguesa
- 1.3. Escolas Oficiais de Idiomas

2. Auxiliares de conversa de lingua portuguesa

3. Programas de lingua e cultura portuguesa

- 3.1. Acordo co Instituto Camões
- 3.2. Orzamento
- 3.3. Formación do profesorado galego de educación secundaria
- 3.4. Actividades desenvolvidas no ano 2019 con especial incidencia da lingua portuguesa
- 3.5. Actividades previstas para o curso 2019-2020

4. Centros de Estudos Galegos en Portugal e Brasil (Universidades e Institutos)

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

1. Formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía : Anualidade 2018

2. Formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía : Anualidade 2019

ACTIVIDADES CULTURAIS : DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICAS CULTURAIS

1. Programa “Nortear” para o intercambio cultural con Portugal

- 1.1. Premio Literario “Nortear”
- 1.2. Programa “Conversas Nortear”
- 1.3. Exposicións
- 1.4. Roteiros litera
- 1.5. Encontros de Ilustradores
- 1.6. Outras actividades

2. Proxecto “aRi[t]mar”

ACTIVIDADES CULTURAIS : AGADIC

1. V Foro de Coprodución Portugal – Galicia

2. Encontro de Tocadores de Caminha

3. Producción teatral “Carpe Diem”, do autor brasileiro Rubem Fonseca

4. Centro Dramático Galego

5. Relacións entre Galicia e Portugal en materia audiovisual

6. XV Festival Internacional da Lusofonía “Cantos na Maré” 2019

ACTIVIDADES CULTURAIS : FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

1. Tres solos de Vera Mantero

2. “O gatillo da felicidade”

ACTIVIDADES AUDIOVISUAIS : CRTVG

- 1. Convenio de Colaboración en vigor CRTVG – RTP**
- 2. Programas portugueses na TVG**
- 3. Coproducións de Ficción**
- 4. Presenza permanente dos Servizos Informativos da CRTVG no Porto**
- 5. Cobertura deportiva**
- 6. Coñecemento dos xornais lusos**
- 7. Aspectos lingüísticos e achegamento ao portugués**
- 8. Colaboración co proxecto “aRitmar”**
- 9. Outras accións institucionais**
- 10. Proposta de emisións recíprocas das televisións públicas de Galicia e Portugal**
- 11. Previsións para o resto de 2019**

RELACIÓNS EXTERIORES

- 1. Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX)**
- 2. Programa IACOBUS**
- 3. Programa NORTEAR**
- 4. IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)**
- 5. II Encontro “Mulheres da Lusofonía”**
- 6. Estudos Galegos no Camiño do Xacobeo 21**
- 7. Curso de lingua portuguesa**
- 8. Integración de Galicia na CPLP**
- 9. Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía**
- 10. Intercambios Galicia – Portugal : os municipios a prol dos ODS**

OUTROS

- 1. “Nós no mundo”: a Lusofonía en Galicia**
- 2. “Arrincando marcos 2019”: Poesía galega no Porto**
- 3. Préstamo dunha obra do CGAC para a Exposición “Ainda o desconforto moderno” (Lisboa)**
- 4. “Galego, porta aberta para o mundo 2”: Lingua, pensamento e cultura en Galicia e Portugal**
- 5. “Entre Margens: Encontro de tocadores”**
- 6. Sistema Electrónico de Facturación (SEF): tamén en portugués**
- 7. Galicia e a lingua galega, protagonistas en varios medios portugueses**
- 8. Participación de Galicia no 1º Mercado da Lingua Portuguesa**

SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

1. ENSINANZA DA LINGUA PORTUGUESA

1.1. O ensino do Português na ESO e no Bacharelato.

No ensino obrigatorio e postobrigatorio ofértase a materia de lingua portuguesa como segunda lingua estranxeira na ESO e no Bacharelato cos novos currículos implantados co Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo de ESO e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.

Así mesmo, o Português é lingua na que se imparten seccións bilingües na ESO, Ciclos Medios e Ciclos Superiores.

En total, o Português na etapa da ESO e no Bacharelato é estudado por **2897** alumnos e alumnas en **74** centros educativos. A esta cifra súmanse os 1056 alumnos e alumnas que estudan a Lingua Portuguesa nas Escola Oficial de Idiomas, alcanzando un total de **3953** alumnos e alumnas.

	2018-19	2019-20
ESO+BAC	2618	2897
ESO+BAC+EOI	3726	3953

Portugués como primeira ou segunda lingua estranxeira e materia de libre configuración:

No curso 2019/2020 estúdase a materia de Lingua Portuguesa como primeira ou segunda lingua estranxeira en 64 centros de ensinanza secundaria nas etapas de ESO 1794 alumnos/as- e Bacharelato -801 alumnos/as-, así como 2 en ciclos formativos, acadando un total de 2597 alumnos e alumnas. Así mesmo, impártese Português como materia de Libre Configuración en 14 centros educativos cun total de **300** alumnos e alumnas.

	Centros	Alumnos		
		ESO	Bacharelato	Total
1ª ou 2ª lingua estranxeira	64	1794	801	2597
Libre Configuración	14	174	126	300

Distribución por provincias:

Portugués como **1ª ou 2ª lingua estranxeira** no presente curso escolar 2019/2020:

Centros	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
64	24	11	7	22

Portugués como **materia de libre configuración** no presente curso escolar 2019/2020:

Centros	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
14	9	0	2	3

1.2 Seccións bilingües en lingua portuguesa

Centros	Seccións	Alumnado
3	5	82

1.3. Escolas Oficiais de Idiomas

A Lingua portuguesa nas Escola Oficial de Idiomas (EOI)

Ofértase Lingua portuguesa en todas as EOI e nunha sección da EOI de Vigo, Tui. Con 24 profesores e profesoras, aténdese a un total de 1056 alumnos e alumnas en 76 grupos.

	PORTUGUÉS		
	Grupos	Alumnado	Profesorado
EOI A CORUÑA	11	194	3
EOI FERROL	7	71	3
EOI SANTIAGO	11	210	3,25
EOI LUGO	10	88	3
EOI OURENSE	7	121	2
EOI PONTEVEDRA	8	103	2
EOI VIGO	12	184	5,5
SECC. TUI	4	39	1,25
EOI VILAGARCIA	6	46	2
TOTAL	76	1056	25

Total alumnado: 1.056

2. AUXILIARES DE CONVERSA DE LINGUA PORTUGUESA

No curso 2019/2020 a Consellería conta no presente curso con 4 auxiliares de conversa de Portugués en centros de ensinanza secundaria que imparten a materia de Portugués como lingua estranxeira ou que contan con seccións bilingües en lingua portuguesa e na EOI de Ourense.

Nome do centro	Horas lectivas
IES de Cacheiras	12
CIFP Paz Andrade	16
IES San Clemente	16
EOI de Ourense	12

3. PROGRAMAS DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA

3.1. Acordo co Instituto Camões

O programa de lingua e cultura portuguesa, en colaboración co Instituto Camões, apoia o ensino-aprendizaxe da lingua portuguesa en 9 centros educativos galegos.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional promove no curso 2019/2020 a aprendizaxe do idioma luso en 9 centros educativos galegos (8 no curso 14/15) a través do *Programa de Lingua e Literatura Portuguesa*, unha iniciativa enmarcada no espazo de cooperación institucional existente

entre España e Portugal en materia educativa e cultural. O Programa empezou a desenvolverse, con carácter experimental, en centros de educación infantil e primaria, nos que existía un número significativo de alumnas e alumnos de orixe portuguesa ou lusofalantes, e tense xa integrado na rede oficial portuguesa de cursos de ensino no exterior. Neste momento, grazas a este Programa se reforza o portugués como segunda lingua estranxeira a máis de 500 alumnos e alumnas en centros educativos galegos.

Con este programa a Consellería busca promover a lingua e cultura portuguesas a través do ensino, como materia optativa desta lingua no currículo dos centros públicos da Comunidade Autónoma potenciando, ao mesmo tempo, o respecto pola diversidade cultural, co fin de afondar na formación de cidadáns libres, responsables e participativos nunha sociedade multicultural. Así mesmo, procúrase favorecer a integración escolar do alumnado portugués e lusofalante, mantendo as súas referencias lingüísticas e culturais. Ademais, cómpre sinalar o especial interese que a lingua lusa ten como medio de comunicación e entendemento entre os pobos galego e portugués.

Tres docentes prestan o seu apoio ao ensino da lingua e cultura portuguesa en centros da provincia da Coruña, Ourense e Pontevedra.

Relación de centros con docentes de lingua portuguesa:

A Coruña
IES Arcebispo Xelmírez I (Santiago Compostela)
IES Félix Muriel (Rianxo)
IES Antonio Fraguas Fragas (Santiago Compostela)
Ourense
C.E.I.P. Mariñamansa (Ourense)
C.E.I.P. Manuel Luis Acuña (Ourense)
IES O Couto (Ourense)
Pontevedra
I.E.S. Politécnico de Vigo (Vigo)
I.E.S. A Sangriña (A Guarda)
I.E.S. Valadares (Vigo)

3.2. Orzamento

- 1.1. O **programa PIALE** na modalidade de actividades en lingua portuguesa oferta 15 prazas para o curso de 2 semanas de duración e 20 prazas para a actividade de integración de 4 semanas (mesmas prazas que o curso pasado). O orzamento do programa para o ano 2019 é de 119.790€.
- 1.2. **Auxiliares de conversa.** O orzamento do que se dispón para cada auxiliar de conversa é de 7.480 € anuais, o que supón un total de 29.920 € anuais.
- 1.3. O **programa AXUDASLE, Actividades de formación en linguas estranxeiras para o alumnado**, oferta 10 prazas para a actividade formativa de 3 semanas (mesmas prazas que o curso pasado). O orzamento do programa para o ano 2019 é de 20.001,30€.

3.3. Formación do profesorado galego de educación secundaria

O profesorado galego pode formarse cos cursos de lingua portuguesa que se ofertan nos CFR (cursos de 30/60 horas dos niveis A2 e B1).

Programa PIALE oferta un curso de lingua portuguesa de 2 semanas de duración en Portugal e unha actividade de integración de 4 semanas realizadas no o primeiro trimestre do curso 2019/2020.

O número de prazas a modalidade de curso de 2 semanas son 15 prazas e para a modalidade dun mes en integración con substitución do profesorado é de 20.

Como novidade neste curso 2018/19 o profesorado galego tivo a posibilidade de certificar o seu nivel de competencia en lingua portuguesa a través do Instituto Camões participando nas actividades seguintes: G1802054 DIPLE. Instituto Camoes. Nivel B2 que se desenvolveu o 11 de xuño 2019. Nº de prazas: 20. Así mesmo, ofertáronse 10 prazas para a certificación G1802055 DAPLE. Instituto Camoes. Nivel C1 que se celebrou nesa mesma data.

3.4. Actividades desenvolvidas no ano 2019 con especial incidencia da lingua portuguesa

- Difusión dos proxectos europeos: Día Europeo de las Lenguas, 26 de setembro.
- Participación en actividades de formación relacionadas coas linguas estranxeiras:
 - o Xornadas de Auxiliares de Conversa. Santiago, 2 de outubro de 2019.
 - o Participación na V *Xornada Galega de Linguas Estranxeiras*. Santiago, 4 de maio de 2019.

3.5. Actividades previstas para o curso 2019-2020

Nun contexto marcado por un profundo cambio curricular no ensino obrigatorio e no bacharelato, o desenvolvemento curricular, decreto e ordes de desenvolvemento trasladarán as normas de desenvolvemento o mandato establecido na Lei 1/2014, do 24 de marzo para a incorporación progresiva da aprendizaxe da lingua portuguesa no ámbito das competencias en linguas estranxeiras nos centros de ensino da Comunidade Autónoma de Galicia.

- No ámbito da formación do profesorado:
 - o **Impartiranse Cursos de actualización Lingüística e Comunicativa (CALC) en lingua portuguesa para promover a cualificación lingüística do profesorado nesta lingua, tanto para impartir a materia de lingua portuguesa, como para impartir Seccións Bilingües.**
 - o **Ofertaranse cursos de preparación das probas de certificación das EEOOI, Portugués B2 e C1,**
 - o **Manterase a oferta de lingua portuguesa no programa PIALE -con afondamento en actividades de integración en centros portugueses.**
 - o **Fomentarase a creación de Seccións Bilingües en lingua portuguesa para o que se necesita unha mellor preparación lingüística.**
 - o **Enfoque de licenzas por formación do profesorado para a creación de cursos on line e materiais en portugués.**
 - o **Deséñvólvense Plans de Formación Permanente do Profesorado en centros (PFPP) en competencias lingüísticas en portugués para o desenvolvemento de proxectos internacionais, así como relativo a metodoloxía e recursos CLIL en portugués en centros PluriFP.**
- No ámbito da cooperación co Instituto Camões:
 - o **Ofertarase prazas de certificación dos niveis B2 e C1 e lingua portuguesa sen custo para o profesorado galego e colaboración con esta entidade.**
 - o Solicitouse, como en anos anteriores, incrementar o número de docentes de apoio dentro do **Programa de Lingua e Cultura Portuguesa** para o próximo curso incrementando o número de docentes e facendo extensible a oferta de profesores de portugués á provincia de Lugo.
 - o Ofertar actividades culturais relacionadas coa promoción do portugués.
 - o Ofertar itinerarios de formación para o profesorado de lingua portuguesa en colaboración co Instituto Camões, coa correspondente certificación de formación de profesorado.
 - o Ofertar formación en lingua portuguesa en liña en colaboración co Instituto Camões e a Universidade Oberta de Lisboa.

- o Promover, en colaboración co Instituto Camões, o Plan internacional de lectura para o alumnado do profesorado da rede CEPE (Coordenação de Ensino Português em Espanha).

4. CENTROS DE ESTUDOS GALEGOS EN PORTUGAL E BRASIL (UNIVERSIDADES E INSTITUTOS)

Para apoiar o estudo do galego en Portugal, a Xunta de Galicia conta con tres dos **centros de estudos galegos** no país veciño, situados na Universidade Nova de Lisboa, na Universidade do Algarve e na Universidade do Minho, en Braga. Tamén se ofrecen cursos de galego na sede do Instituto Cervantes de Lisboa. No ámbito da lusofonía, en Brasil, hai centros de estudos galegos na Universidade Federal da Bahia, na Federal Fluminense de Niteroi, na Universidade de São Paulo e no Instituto de Letras de Río de Xaneiro. Estas dúas últimas contan tamén con sedes do Instituto Cervantes nas que se imparten clases de lingua galega. O Instituto Camões ten un Centro de Língua Portuguesa en Vigo, a través do que contribúe ao estudo e difusión da lingua e cultura propias do país.

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)

1. FORMACIÓN EN LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA: ANUALIDADE 2018

- O Plan de formación anual da EGAP ofrece cursos de formación en lingua portuguesa integrados na programación xeral da entidade. O obxectivo desta iniciativa é perfeccionar o dominio escrito, a comprensión lectora, e a fala do idioma portugués en distintos contextos sociais, culturais e profesionais.

A continuación ofrécese os datos relativos ás devanditas actividades de formación para o ano 2018:

Título	Horas	Modalidade	Núm. prazas
Lingua portuguesa. Nivel básico 1 (A1)	150	Teleformación	125
Lingua portuguesa. Nivel básico 2 (A2)	150	Teleformación	75
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1 (B1)	150	Teleformación	25
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2 (B2)	150	Teleformación	25
Conversa en portugués	50	Presencial	15
Cooperación transfronteiriza e cohesión	24	Teleformación	50
Cooperación transfronteiriza e cohesión	24	Autoformación	200

Ao igual que nos anos anteriores, estanse a desenvolver catro niveis de formación (A1, A2, B1 e B2), cada un deles con 150 horas de duración. O total de prazas ofertadas especificamente en lingua portuguesa acada a cifra de 250.

- As actividades de lingua portuguesa continúan a rexistrar unha elevada demanda, como acontecía en 2017. Así pois, rexistráronse un total de 785 solicitudes para acceder a algún dos

catro niveis de formación en lingua portuguesa, o que representa 3,14 solicitudes de matrícula por cada praza convocada nesta lingua.

- É importante destacar que por primeiro ano a EGAP inclúe na súa oferta unha actividade formativa de Conversa en portugués, dirixida tamén a todos os colectivos de empregados públicos.
- O orzamento total destinado á formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía ascendeu en 2018 a 16.998 €, de xeito que a EGAP incrementou a contía económica destinada á formación nesta materia. Deste importe, o 91% corresponde aos cinco cursos de lingua portuguesa, e o 9% restante ás actividades en materias relativas á cooperación transfronteiriza.

2. FORMACIÓN EN LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA: ANUALIDADE 2019

O plan de formación da EGAP para 2019 inclúe a seguinte oferta formativa en materia de lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía:

Título	Horas	Modalidade	Núm. prazas
Lingua portuguesa. Nivel básico 1	150	Teleformación	100
Lingua portuguesa. Nivel básico 1	150	Teleformación	100
Lingua portuguesa. Nivel básico 2	150	Teleformación	75
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1	150	Teleformación	25
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2	150	Teleformación	25
Conversa en portugués	50	Presencial	15
Conversa en portugués (POPTec)	150	Presencial	14
Cooperación transfronteiriza e cohesión	24	Autoformación	200

No 2019, novamente ofértanse catro niveis de formación (nivel básico 1, básico 2, intermedio 1 e intermedio 2), cada un deles con 150 horas de duración, e tamén unha actividade formativa de conversa en portugués, que fora introducida como novidade en 2018. O total de prazas ofertadas especificamente nos catro niveis de lingua portuguesa acadou en 2019 a cifra de 325, ao producirse un incremento de 75 prazas no nivel básico 1, no que pasaron de ofertarse 125 prazas en 2018 a 200 prazas no ano en curso. As 200 prazas do nivel básico 1 distribúense en dúas edicións, de xeito que en 2019 se oferta unha edición adicional para cursar o nivel básico 1. No caso da actividade formativa de conversa en portugués, ten unha duración de 50 horas, e ofértanse 15 prazas.

En canto á demanda para acceder a algún dos catro niveis de formación en lingua portuguesa rexistráronse un total de 788 solicitudes para acceder a algún dos catro niveis de formación en lingua portuguesa, que se traduce en 2,42 solicitudes de matrícula por cada praza convocada nesta lingua.

No 2019 novamente se inclúe no plan de formación a actividade formativa sobre cooperación transfronteiriza e cohesión, neste caso a través da modalidade de autoformación. O total de prazas ofertadas para poder certificar os coñecementos adquiridos nestes contidos é de 200. E, como

queda dito, seguirase a desenvolver a actividade “Conversa en portugués (POCTEP)” para o alumnado que a comezou no ano 2018.

O orzamento total destinado á formación en lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía ascende en 2019 a 19.719 €, o que supón un incremento de 2.721 € nos recursos económicos destinados á formación en materia de lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Comparativa 2018 – 2019

	2018	2019
NIVEIS DE FORMACIÓN ofertados	4	4
PRAZAS OFERTADAS nos Niveis de Formación	250	325
SOLICITUDES rexistradas	785	788
ORZAMENTO destinado	16.998,00 €	19.719,00 €

ACTIVIDADES CULTURAIS : Dirección Xeral de Políticas Culturais

1. PROGRAMA “NORTEAR”

Con data 23 de abril de 2015, asinouse un Memorando de Entendemento entre a Xunta de Galicia, a través da entón Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (hoxe Cultura e Turismo), a Dirección Rexional de Cultura do Norte de Portugal e a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal, coa finalidade, como indica o propio Memorando, de conservar, investigar e difundir a cultura galega e da Rexión do Norte de Portugal, proxecto chamado Nortear.

Este proxecto foi obxecto do premio “AEBR-Cross Border Award” 2018, como mellor proxecto europeo no ámbito da cultura.

Como consecuencia deste acordo, desde a súa sinatura estanse a desenvolver as seguintes accións conxuntas no ámbito da cultura:

1.1. “Premio Literario Nortear”

Desde o comezo do Memorando e cada ano estase a convocar un Premio Literario Novos Escritores Galicia- Norte de Portugal.

Vai dirixido a todas as persoas con plena capacidade xurídica nadas e/ou empadroados na rexión Norte de Portugal ou en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 36 anos.

O premio versa sobre o xénero de relato curto, conta cunha dotación económica de dous mil (2.000,00 €) euros.

A obra gañadora é publicada en edición bilingüe, portugués/galego, e se divulga en equipamentos culturais de Galicia e do Norte de Portugal.

Na V Edición, no 2019, foi premiada Sabela Varela Fernández pola obra “Afluentes”.

	1ª Edición 2015	2ª Edición 2016	3ª Edición 2017	4ª Edición 2018	5ª Edición 2019
Gañador/a	Lara Dopazo	Rui Cerqueira	Cecilia Fernández	Sara Brandão	Sabela Varela
Obra premiada	Ruibal <i>Clementina</i>	Coelho <i>Nós arquipélago</i>	Santomé <i>34 Rue Saint Jacques</i>	<i>Ver</i>	Fernández <i>Afluentes</i>
Gañador/a	<i>Mención especial</i> Joao Paulo				
Obra premiada	Ferreira <i>Coração cheio de nada</i>				

Na convocatoria da VI edición (lanzamento que se fixo en Culturgal o sábado día 30 de novembro de 2019, xunto coa entrega do premio 2019), a novidade é o incremento da contía económica do premio, que será de 3.000,00 €.

1.2. “Conversas Nortear”

Trátase dunha conversa entre persoas escritoras, dúas por cada conversa, unha galega e outra portuguesa, e alternativamente se levan a cabo en diferentes espazos de Galicia e de Portugal.

En Galicia se levaron a cabo na Escola Oficial de Idiomas de Santiago e Pontevedra, na facultade de Tradución e Interpretación de Vigo, ou no marco do Culturgal en Pontevedra entre outros. Búscase sempre espazos nos que se garanta a asistencia de público, xeralmente alumnado de portugués .

Estas conversas nas que as persoas escritoras expoñen o seu punto de vista sobre un tema común da cultura de ambos lados da fronteira, son sempre dirixidas por unha persoa moderadora e ao final participa o público que o desexa.

No 2019 celebráronse dúas conversas:

En Galicia: celebrouse na EOI de Santiago de Compostela e foi moderada por Encarna Otero. Nela participaron as escritoras Emma Pedreira e Raquel Sereijo Martins.

En Portugal: celebrouse no Museo Abalde Baçal (Bragança) e foi moderada por Carla Guerreiro. Nela participaron as escritoras Emma Pedreira e Manuela Vaz de Carvalho

1.3. Exposicións:

Mediante esta actividade e co fin de favorecer o diálogo galego-portugués a través da cultura, o programa Nortear ven promovendo desde a súa posta en marcha un intercambio de proxectos expositivos galegos, para a súa exhibición no norte do país veciño, e de propostas portuguesas, que se poden ver na comunidade galega, e ultimamente tamén se traballou nun proxecto conxunto.

Cada exposición vai acompañada do catálogo correspondente, que se edita nas dúas linguas do proxecto (galego e portugués).

Deste xeito no mes de maio de 2017, pola parte galega trasladouse ao Museo Alberto Sampaio de Guimarães, o proxecto expositivo: **Libertas**, no que se reivindica o valor da palabra e da expresión

creativa, conformado por sete instalacións artístico-fotográficas adicadas a escritores e activistas en pro dos dereitos humanos.

No mes de outubro de 2017, o día 19 inaugurouse na Igrexa da USC a exposición enviada pola parte portuguesa: ***Camiños de ferro e da prata***, estivo ata o 29 de novembro. A través das imaxes procedentes de legados familiares, trata da historia da construción das vías do tren nesta rexión do Norte de Portugal.

O 11 de decembro de 2018 e ata febreiro de 2019 inaugurouse na Biblioteca da Cidade da Cultura en Santiago, unha exposición conxunta: ***Bibliotecas no espello***, trátase dunha viaxe polo libro e a literatura a través das edicións facsímiles.

Posteriormente trasladouse a Portugal, a Casa das Artes de Porto, onde estivo desde o 2 de marzo deste ano ao 15 de abril.

No 2019 a Biblioteca pública de Pontevedra acolleu a exposición galega ***“Nortear Ilustrado”***. Esta mostra contén o traballo realizado polos ilustradores galegos Laura Cortés e Fran Bueno e polos portugueses Eduardo Porto e Fátima Bravo durante unha residencia artística realizada na illa de San Simón.

Pola súa banda, a Biblioteca pública de Ourense acolleu a exposición portuguesa ***“Calendario de Miranda. Os retratos dos meses: da Sé de Miranda do Douro”***. Neste caso expuxéronse doce pinturas que representan aos doce meses do ano e que pertencen á Catedral de Miranda do Douro (Portugal), unha rara alegoría pintada en Amberes por Pieter Balten.

8 Espaços para 7 olhares (portuguesa) 27 novembro 2015/20 xaneiro 2016)	Santiago cidade ilustrada (galega) 27 novembro 2015/22 xaneiro 2016)	Libertas (galega) Maio 2017	Camiños de ferro e da prata (portuguesa) Outubro/novembro 2017	Bibliotecas no espello (conxunta) Decembro 2018/febreiro 2019 (Galicia) marzo/abril 2019 (Portugal)	Nortear ilustrado (galega) Decembro 2019	Calendario de Miranda (portuguesa) Decembro 2019 /xaneiro 2020)
Casa da Parra en Santiago de Compostela	Mosteiro de Tibães	Museo Alberto Sampaio de Guimarães	Igrexa da USC en Santiago de Compostela	Biblioteca da Cidade da Cultura en Santiago. Casa das Artes de Porto	Biblioteca pública de Pontevedra	Biblioteca pública de Ourense

1.4. Roteiros literarios virtuais

Dentro das actividades a desenvolver no proxecto aludido, está a creación de roteiros literarios virtuais.

Trátase da creación de roteiros vinculados a figuras senlleiras clásicas da nosa literatura, de xeito que valéndonos das tecnoloxías actuais se poña en valor a vida e a obra e se dean a coñecer na nosa Comunidade e na rexión norte de Portugal.

Os roteiros están elaborados en galego e portugués, e de xeito cronolóxico e acompañados de textos e imaxes se fai un percorrido polos autores/as máis significativos.

A día de hoxe foron elaborados os roteiros de; **Rosalía de Castro e Valle Inclán, Curros Enríquez e Castelao**, e están en fase de elaboración os de: **Pardo Bazán e Eduardo Pondal**

Para a súa elaboración cóntase coa participación das Casas Museo ou Fundacións das persoas escritoras.

Pola súa parte a parte portuguesa tamén conta coas súas persoas escritoras salientables, das que elaborou un roteiro conxunto.

1.5. Encontro ilustradores

Trátase dunha actividade novidosa que se puxo en marcha este ano por primeira vez e que vai ter continuidade anual, dada a súa estupenda acollida. Tivo lugar durante unha fin de semana de setembro (do 21 ao 22) na Illa de San Simón, denominado: *Nortear ilustrado San Simón..*

Deste xeito reuníronse catro persoas do mundo da ilustración, dúas galegas e dúas portuguesas, xunto cunha coordinadora.

Pola parte galega: Laura Cortés e Fran Bueno; pola portuguesa: Eduardo Porto e Fátima Bravo, e como coordinadora: Matilde Rodríguez.

Estas persoas desenvolveron ao longo de tres días unha extensa e variada programación, que inclúe obradoiros, charlas, produción de serigrafías...

Cabe destacar a presenza, o sábado pola tarde, de alumnado das Escolas de Arte de Ourense e Coruña, así como do master do Libro Ilustrado da facultade de Belas Artes de Pontevedra, para eles os ilustradores e ilustradoras participantes desenvolveron unha serie de actividades específicas, entre as que destacan a creación dunha páxina de cómic, charlas ou realización de serigrafías.

O material producido neste encontro será recollido nunha publicación ao efecto e tamén dará lugar a realización dunha exposición.

Na última edición de Culturgal, celebrado en Pontevedra, se levaron a cabo dous obradoiros de ilustración: o día 30 sábado de 19:00 a 20:00 no stand da Xunta de Galicia, participou o ilustrador portugués Bruno Rajão, impartindo o obradoiro para nenos/as de 7 a 12 anos.

O domingo día 1 de decembro levou a cabo un obradoiro o ilustrador galego: Luis Sendón Cedrón de 18:00 a 19:00, tamén no stand da Xunta de Galicia.

1.6. Outras actividades

Ademais do anterior tamén se realizan outras actividades como é o intercambio de fondos bibliográficos entre Galicia e Portugal.

2. PROXECTO “aRi[t]mar” (4ª Edición, 2019)

Proxecto didáctico e cultural, que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galega e portuguesa actuais, e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz – Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa lusofonía.

O certame é convocado pola Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, e conta coa colaboración da Secretaría Xeral Política Lingüística, entre outras institucións. Este ano 2019 chega á súa cuarta edición.

O palmarés de gañadores de músicas e poesías publicadas en 2018 é o seguinte:

Premio ao Mellor Tema Musical Galego do ano 2018

Gañador : “Que non mo neguen” de Tanxugueiras

2º posto : “Fronteiras” de Guadi Galego

3º posto : “Cultura crítica” de Nao

Premio ao Mellor Tema Musical Portugués do ano 2018

Gañador : “Efeito do observador” de Os Azeitonas

2º posto : “Quem me dera” de Mariza

3º posto : “Sem palavras” de António Zambujo

Premio ao Mellor Poema Galego do ano 2018

Gañadora : “E isso é o amor” de Susana Aríns

2º posto : “Lista da compra da viúva” de Emma Pedreira

3º posto : “Polinizándome” de Andrea Nunes e María Rosendo

Premio ao Mellor Poema Portugués do ano 2018

Gañadora : “Fachada” de Marta Chaves

2º posto : “É com palavras que te vou guardar” de Alice Vieira

3º posto : “Nómadas” de José Luís Barreto Guimarães

Premio especial do xurado á Embaixada da Amizade Galego – Lusófona

Gañadora : Uxía Senlle

ACTIVIDADES CULTURAIS : AGADIC

1. V FORO DE COPRODUCCIÓN PORTUGAL-GALICIA

Encontro de produtoras galegas e portuguesas para o desenvolvemento e realización de proxectos en réxime de coprodución. Previsión de implementar accións para fortalecer a colaboración entre ambos sectores.

2. ENCONTRO DE TOCADORES DE CAMINHA

"Tocadores de Caminha", organizado por aCentralFolque, é un evento de tres días que pretende xuntar tocadores de instrumentos tradicionais de xeracións distintas, fomentando a posta en

común de coñecementos, repertorios e técnicas instrumentais. O obxectivo é salvagardar, divulgar e incentivar a revitalización do patrimonio musical portugués e galego e os seus instrumentos, intentando espertar nas novas xeracións de músicos interese por esa riqueza que, nalgúns casos, tende a desaparecer e fomentar a presenza da música galega en eventos celebrados noutros territorios.

3. Producción “CARPE DIEM”, do brasileiro RUBEM FONSECA

Espectáculo teatral da compañía galega Producións Teatrais Excéntricas. Estreouse no mes de xaneiro de 2019 no Teatro Principal de Santiago.

En *Carpe Diem*, Producións Teatrais Excéntricas leva ás táboas, por primeira vez en Galicia, unha obra do autor e cineasta brasileiro Rubem Fonseca, considerado o meirande escritor vivo en lingua portuguesa. Premio Camões, Fonseca estendeu o seu talento sobre o xénero policial que, a pesar de ser considerado literatura de consumo, no seu caso brilla á hora de ofrecer unha visión distante e sen piedade da condición humana.

Esta é unhas das 10 montaxes que se presentan este semestre diante do público compostelán a través deste circuío da Xunta de Galicia, cofinanciado entre a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e as entidades xestoras dos 40 espazos asociados.

Ademais, no caso de *Carpe Diem*, trátase da estrea dunha das 30 propostas beneficiarias en 2018 da convocatoria de axudas da Agadic á produción escénica, mediante a que a Consellería de Cultura e Turismo contribuíu a esta posta en escena cuns 36.600 euros.

4. O CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Coprodución “Se fosen turistas levarían gafas de sol”

Espectáculo dirixido por Fran Núñez, e coproducido con Limiar Teatro (Galicia) e o Teatro Nacional Dona María II de Lisboa (Portugal) e a compañía Comedias do Minho (Portugal). A súa estrea está prevista para decembro do 2019.

Proxecto Nós

Está prevista a celebración da terceira edición deste proxecto, na que a xestión, responsabilidade da produción e montaxe da posta en escena, así como a selección do autor e do director de escena, correrá a cargo do Teatro Célestins de Lyon (Francia).

Con estrea no Salón Teatro, sede do CDG, e funcións no Teatro Carlos Alberto, dependento do Teatro Nacional S. João, así como na Sala Estúdio do Teatro Nacional Dona Maria II, esta posta en escena terá catro representacións en cada unha das catro cidades respectivamente (16 funcións en total).

A intención é incorporar ao período de exhibición desta produción os festivais de Portugal FITEI (Festival Internacional de Expresión Ibérica), así como o Festival de Alma; a MIT galega; e incluír un

festival francés. Ademais, estanse asegurando colaboracións con outros organismos como o Instituto Camões, a MAEC Aecid, o Instituto Cervantes e o Institut Français.

A previsión é poder converter esta iniciativa nun proxecto europeo aspirante ao programa de axudas de “Europa Creativa”.

Outros

O Centro Dramático Galego apoia ademais a configuración de equipos artísticos mixtos que propicien o intercambio entre Galicia e Portugal. Froito desta iniciativa contamos nas producións propias “Martes de Carnaval” e “Neorretranca e Posmorriña” coa colaboración do escenógrafo Fernando Ribeiro e os iluminadores José Álvaro Correia e Wilma Moutinho.

5. RELACIÓNS GALICIA-PORTUGAL EN MATERIA AUDIOVISUAL

A Agadic e o Instituto do Cinema e do Audiovisual de Portugal (ICA) veñen colaborando na organización dos Encontros de Coprodución Galicia-Portugal, que no 2019 celebrarán a súa quinta edición.

Con esta actividade búscase manter aberta unha canle de comunicación directa entre as empresas audiovisuais, fomentar a colaboración mutua no desenvolvemento e produción de proxectos e favorecer o intercambio de profesionais técnicos e artísticos entre os dous territorios.

Na última xuntanza organizada en Porto, no marco do Festival Porto-Post-Doc participaron un total de 34 produtoras e cruzáronse 71 proxectos audiovisuais.

Cada vez son máis as obras en réxime de coprodución internacional entre Portugal e Galicia que se presentan ás axudas a Agadic e do ICA, coa participación tamén da TVG e da canle pública portuguesa RTP.

O primeiro froito destes encontros foi a serie *Vidago Palace*, producida por Portocabo e HOP Filmes. Outros proxectos avanzados ou xa rodados son os filmes *O Santa Isabel*, *O futuro da mente*, *O corpo aberto* e as series *Auga seca*, *A espía* ou *Zé no telhado*.

O pasado 24 de xuño asinouse un Memorándum de Entendemento para fortalecer as relacións institucionais no eido audiovisual, que a curto prazo vaise materializar na celebración dun novo encontro anual entre empresas produtoras que terá lugar no mes de novembro en Arnoia (Ourense).

A intención é promover conxuntamente un evento de dous días de duración no que os profesionais terán a oportunidade de buscar socios coprodutores para as súas propostas pero tamén falar das súas estratexias empresariais, asistir a sesións formativas e presentar as súas obras ante posibles inversores.

6. CANTOS NA MARÉ 2019

A cidade de Pontevedra volveu acoller este ano o Festival Internacional da Lusofonía “Cantos na Maré”, que chegou así á súa XVª edición. Decorreu os días 13, 14 e 15 de setembro, e acolleu máis de vinte concertos de artistas procedentes de varios países. Ademais da participación galega, tamén acudiron artistas chegados de Brasil, Portugal, Mozambique ou Cabo Verde, aos que se engadiron outros invitados españois e arxentinos.

Producido por Nordesía Producións, e co apoio da Xunta de Galicia, o Festival ten a música como principal nexo, desde a música de raíz ás músicas urbanas pasando polas voces corais e a polifonía, mais non renuncia a outros contidos como o cinema, a performance, os roteiros culturais ou a narración oral.

ACTIVIDADES CULTURAIS : FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA

ACTIVIDADES REALIZADAS E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES PARA 2019

1.- Actividade: Tres solos de Vera Mantero. *Olympia, Uma misteriosa coisa disse e.e. cummings e Tal vez ela pudesse dançar primeiro e pensar depois*

Data: 7 de febreiro de 2019.

Programa: Escenas do Cambio 2019. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción.

Honorarios: 2.700 € (Antes de impostos).

Descrición: Nesta edición presentamos por primeira vez en Galicia o traballo da coreógrafa portuguesa Vera Mantero. E fixémoslo con *Tres solos*, que son xa parte da historia da danza: *Olympia* (17'), *Uma misteriosa coisa disse e.e. cummings* (20'), e *Tal vez ela pudesse dançar primeiro e pensar depois* (20'). Posteriormente á representación o público puido manter una conversa coa coreógrafa portuguesa na que tamén participaron Idoia Zabaleta e Esther Ferrer.

2.- Actividade: O Gatillo da Felicidade

Data: 14 de febreiro de 2019.

Programa: Escenas do Cambio 2019. Festival de Inverno de Teatro, Danza e Arte en Acción.

Honorarios: 5.000 € (Antes de impostos). En colaboración co Concello de Santiago.

Descrición: A presenza portuguesa en Escenas do Cambio volve ser unha constante na edición programada para o 2019. Neste caso será da man dos creadores Ana Borralho e Joao Galante, que xa participaron en anteriores edicións do Festival. Fixérono desta volta cunha obra que realiza un intenso traballo coa comunidade local, coa participación de voluntarios a través dunha convocatoria á mocidade.

CRTVG

1.- Convenio de colaboración.

A Radio Televisión Portuguesa (RTP) e a CRTVG tramitan no 2019 a renovación da súa colaboración coa sinatura dun novo convenio no que enmarcar diversos desenvolvementos entre Galicia e Portugal no eido audiovisual.

2.- Programas portugueses e coproducións de ficción

“Auga seca”. A CRTVG anunciou en xuño o inicio da rodaxe dunha nova coprodución coa RTP, a da serie de ficción “Auga Seca” que se grava este verán, principalmente en Vigo e Porto. A serie, un thriller de seis episodios, é desenvolvida polas produtoras Portocabo, galega, e a portuguesa Sp-i, e conta co apoio de AGADIC. A noticia foi feita pública no MIPCOM 2018.

“Verão M”. En xuño de 2019, TVG estreou a coprodución de ficción luso-galega “Verão M” da CRTVG e a RTP, que se rodou entre o norte de Portugal e localizacións galegas. Composta por 13 episodios, é unha aposta fresca, de verán, dirixida a toda a familia, e unha produción que se enmarca na liña de cooperación audiovisual establecida co país veciño que ten moito futuro pola nosa identidade cultural.

A serie ten un compoñente transfronteirizo puro: acontece ao outro lado da raia e con personaxes galegos, cunha presenza de Galicia nas propias historias e, incluso, cunha parte da rodaxe en Galicia. 'Verão M' naceu como continuidade á estreita cooperación entre a TVG e a RTP, que deu lugar a variados desenvolvementos entre as dúas canles, como programas conxuntos nos últimos anos ('Aquí Galicia', 'Camiños da Irmandade'), ou coproducións de ficción como 'Vidago Palace', emitida no 2017. A CRTVG tivo tamén un activo papel na supervisión lingüística da rodaxe, traballando cos actores lusos que empregaban o galego para garantir a súa calidade e precisión.

“Ouro verde”. Este ano, o departamento de Contidos fixo outras compras de produción portuguesa, como a serie “Ouro verde” da canle TVI, que acaba de obter o Premio Emmy á Mellor Telenovela Internacional e que se estreou o 1 de xullo pola TVG. Esta serie, avalada por un grande éxito internacional e a máis vista da canle portuguesa TV1, está producida por Plural Entertainment Portugal.

Desde o mes de maio, a G2 emite as **Noites Temáticas** que os luns abordan o xénero documental, con pezas de televisións europeas, e neste ciclo foi emitido **“Som da Rúa”**, documental realizado pola RTP e dirixido por Eudardo Gradim e Jorge Prendas en 2015. Gravado na cidade de Porto, trata do festival musical en que participa xente sen teito, organizado polo músico activista Jorge Prendas, nun traballo de inclusión social inédito.

Ademais, en 2018, TVG estreou pola súa segunda canle, a serie xuvenil lusa **“Morangos com Açúcar”**, en versión orixinal, a primeira que se emitiu en portugués, e subtitulada en galego. A CRTVG emitiu 60 capítulos da serie, todos en 2018.

3.- Presenza permanente dos Servizos Informativos da CRTVG no Porto.

Froito do acordo coa RTP, desde 2016 a CRTVG traballa de maneira permanente cun xornalista na cidade de Porto. Isto repercutiu na ampliación da cobertura informativa e na presenza de falantes de portugués nos programas informativos dos medios públicos galegos.

4.- Coñecemento dos xornais lusos.

A canle pública galega incorpora cabeceiras portuguesas xunto ás galegas á revista de prensa que se emite dentro do programa informativo “Bos Días”.

5.- Aspectos lingüísticos e achegamento ao portugués.

O Servizo de Asesoramento Lingüístico da CRTVG segue as recomendacións da Academia Galega da Lingua Portuguesa, para que os medios públicos galegos coiden a fonética portuguesa á hora de pronunciar os nomes propios e topónimos lusos. Así mesmo, nas noticias sobre Portugal respéctanse as grafías en portugués dos nomes propios e topónimos, cos tiles que se usan en portugués e con marcas de nasalidade en vogais.

Ademais, en marzo de 2018, a CRTVG puxo en marcha a iniciativa *“Aprendendo portugués con ‘Morangos con açúcar’*, a serie lusa que emitiu entre marzo e maio na tvG2. A través da canle de You Tube ([.youtube.com/user/TVG/videos](https://www.youtube.com/user/TVG/videos)) e tamén no portal web crtvg.gal, emitíronse vídeos didácticos para a aprendizaxe da lingua portuguesa, xogando coas semellanzas e curiosidades respecto do galego, sempre arredor dos guións da serie.

Por último, as redes sociais da Corporación fixéronse eco da campaña que a A Mesa pola Normalización Lingüística e a Associação Galega da Língua (AGAL), xunto coa Fundación Vía Galego, desenvolveron para promover os nomes dos días da semana tradicionais, que se seguen a empregar en Portugal: domingo, segunda feira, terza feira, cuarta feira, quinta feira, sexta feira e sábado. O Instagram da CRTVG fixo un vídeo e unha enquisa aberta aos seguidores para pedir opinións ao respecto.

Noutra liña, o popular concurso de canción **“Recantos”**, no marco de “Luar” e no que os concursantes proceden de distintas áreas xeográficas, sempre hai un / unha representante do Norte de Portugal e inclúese un teléfono para votar desde o país veciño.

6.- Colaboración co proxecto Aritmar

No 2019, a CRTVG renovou a súa colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para apoiar a difusión do proxecto aRitmar, de divulgación de música e poesía galego portuguesa e que organiza anualmente a Escola de idiomas de Santiago de Compostela. As canles da Corporación difunden os traballos presentados, así como a gala de entrega de premios.

7.- Medio colaborador do IKFEM de Tui-Valença

Os medios públicos, no marco do seu compromiso coa cultura galega e portuguesa amosan o seu apoio ao International Keyboard Festival and Masterclass da Eurociudade Tui-Valença, evento transfronteirizo que neste sétimo ano ten como lema “Music & Fashion”. Nesta edición, celebrada neste mes de xullo, o evento céntrase nas relacións entre a música e a moda en España e Portugal (concertos, obradoiros, mesas redondas e clases maxistrais, e un desfile de moda na Ponte Internacional que cruza o río Miño). O festival une estas dúas vilas que no ano 2012 asinaron un protocolo para irmandarse como Eurociudade.

8.- Outras accións institucionais.

En xaneiro de 2018, a proposta da CRTVG, a rede de canles de televisións rexionais FORTA

organizou unha reunión dos directivos de canles españolas en Lisboa, na que participaron directivos da canle pública RTP. Esta estreita relación institucional é unha constante entre as dúas canles públicas. De feito, tamén o ano pasado, a TVG foi a única televisión invitada pola RTP ao Festival de Eurovisión, celebrado en Lisboa e organizado pola Unión Europea de Radiodifusión (UER-EBU) coa televisión portuguesa RTP como anfitriño.

9.- Proposta de emisións recíprocas das televisións públicas de Galicia e Portugal.

A CRTVG serviu de conselleira nunha consulta dos organismos gobernamentais competentes en materia audiovisual para que, tendo en conta as afinidades lingüísticas e culturais entre Portugal e Galicia, a radio televisión pública galega e a portuguesa poidan emitirse no territorio limítrofe doutro estado. Esta medida segue pendente de decisión entre ambos estados.

10.- Magazine “Aquí Portugal”

A Televisión de Galicia e a Radio Televisão Portuguesa (RTP) realizaron conxuntamente o sábado 16 de novembro de 2019 unha nova edición de “Aquí Portugal”, magazine que foi emitido simultaneamente e en directo polas dúas canles. Os presentadores da TVG Xosé Manuel Piñeiro, Lucía Rodríguez e Arturo Fernández, e os portugueses Hélder Reis, Joana Teles e Catarina Camacho puxéronse á fronte deste proxecto desde a praza do Obradoiro compostelá, cun importante despregamento de medios no centro da capital de Galicia. O magazine tivo como **fío condutor o Camiño de Santiago** e outorgou un peso destacado á capital de Galicia, con contidos sobre a Catedral, os ourives das Praterías, os artistas da rúa, os doces máis típicos e o próximo Xacobeo 2021.

Dentro do marco de colaboración e achegamento da CRTVG con Portugal e a lusofonía, encadrado na Lei Paz-Andrade, os medios públicos galegos levan anos xa fornecendo as relacións bilaterais e de intercambio cultural cos medios públicos lusos. “Aquí Portugal” é bo exemplo desta boa relación e da capacidade de cooperación técnica e loxística das dúas canles públicas, xa que a edición do programa supuxo un desafío técnico e organizativo, ao tratarse dun magazine en directo que se emite para os dous países de forma conxunta e que conta con equipos mixtos tanto diante como detrás das cámaras.

Segundo se desprende dos datos de audimetría vixentes nos dous países, **máis de 2 millóns de persoas contactaron coa emisión** do programa, que acadou unha cota de pantalla do **14% na TVG** e dun **13,5% en Portugal**, para un programa que estivo **en directo 3 horas en Galicia** e que chegou **ás 7 horas en Portugal**. Estes datos converten esta emisión **nunha das máis seguidas da CRTVG neste século** e a cifra aumenta se se considera que tamén foi emitido en directo por RTP Internacional para toda a lusofonía e polas canles internacionais da CRTVG, o que eleva a audiencia potencial a máis de 13 millóns de persoas. En ambos casos, a cota de pantalla do programa estivo por riba da media da canle, aínda que tanto a TVG como a RTP1 acadaron ese sábado uns magníficos 10,3% e 11,5% respectivamente.

Esta é a **quinta ocasión** en que Televisión de Galicia e a Radio Televisão Portuguesa producen conxuntamente este programa e unen os seus recursos arredor dunha proposta coa que se estreiten máis os lazos entre as culturas galega e portuguesa.

O resultado desta última experiencia sitúa unha vez máis a CRTVG como un elemento chave na difusión dos valores de Galicia, do seu patrimonio e do seu potencial turístico máis aló das nosas

fronteiras, e proba a potencia dos medios de comunicación públicos galegos e a súa capacidade para facer de altofalante da nosa cultura e patrimonio en todo o mundo.

RELACIONES EXTERIORES

O 15 de maio de 2017 celebrouse o Plenario da Comunidade de Traballo Galicia – Norte de Portugal, no que o Presidente da Xunta de Galicia pasou a desempeñar a presidencia da Eurorrexión. A partir de aí aprobouse un plan de traballo no que a lusofonía cobrou mais presenza.

1.- Estratexia Galega de Acción Exterior

Por outra parte, e logo de ser informado o Parlamento de Galicia, a Xunta aprobou a Estratexia Galega de Acción Exterior o 1 de febreiro de 2018. Nela, a lusofonía ten unha importante presenza, tanto no ámbito económico como no cultural, situando a Galicia como intermediario natural entre o mundo de fala portuguesa e o mundo hispano.

A “Estratexia” define varias áreas prioritarias de actuación de Galicia no exterior. E, dentro delas, a primeira é Portugal, entendida non só como país senón tamén como unha ponte de entrada aos países de fala portuguesa. En concreto, nesta estratexia declárase que Galicia debe asumir un cualificado rol en España de avogada de Portugal e da máxima cooperación entre a cultura hispana e a lusofonía.

Neste marco, outras institucións e asociacións da sociedade civil galega como a CRTVG, as Asociacións e Confederacións de Empresarios, entidades sindicais, culturais, universitarias, etc., están colaborando con entidades do ámbito da lusofonía e participando en actividades conxuntas nos seus respectivos ámbitos de actuación.

Esta Estratexia trae a súa causa o Decreto 178/2015, do 26 novembro, polo que se regula a acción exterior da Comunidade Autónoma de Galicia, que destina o capítulo IV á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a Lusofonía. Neste capítulo, amósase o papel da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal (CTGNP) e da Agrupación europea de cooperación territorial (GNP, AECT) como instrumentos para facilitar a proximidade de Galicia coa lusofonía a través de todas as súas actividades.

Dentro das actividades desenvoltas pola Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia – Norte de Portugal en 2018, pódense salientar as seguintes:

O 11 de xaneiro de 2018 a AECT amosou o seu apoio á proposta de inscrición de Ponte nas Ondas como mellor práctica para a salvagarda do patrimonio inmaterial galego-portugués, na lista de Meliores Prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO, asinando e enviando unha carta de apoio.

O desenvolvemento dun Cumio entre as autoridades de Galicia e o Norte de Portugal xunto ao Goberno español e ao Goberno portugués en Turismo, que tivo lugar en Matosinhos o 9 de abril de 2018;

Tamén se teñen realizado ou participado en outros actos de promoción e impulso á industria e o emprego eurorrexional, como: a reunión das comisións sectoriais e territoriais da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal; a participación no Foro luso galaico da Economía do mar; a colaboración na

visita do Presidente da Xunta de Galicia a Lisboa, en xuño de 2018, e na que se trataron asuntos da máxima relevancia, como entre outros.

2.- Programa IACOBUS

Dentro do eido cultural e universitario durante o ano 2018 destaca a xestión e o seguimento da 5ª convocatoria e a apertura da convocatoria 2018/2019 do Programa IACOBUS, como medio para achegar os sistemas universitarios galego e portugués mediante o sistema de estadias de profesorado, investigadores e persoal de administración e servizos das Universidades galegas nas Universidades e Centros de Ensino Superior do Norte de Portugal e á inversa. En 2018 realizáronse os intercambios correspondentes á 5ª convocatoria, de resultas da que 73 galegos están a facer intercambio nos centros portugueses e 65 portugueses nas universidades galegas.

Ademais, o 24 de outubro de 2018 foi publicada a 6ª convocatoria do Programa IACOBUS, e que, por primeira vez permitiu a participación dos Centros Tecnolóxicos homologados existentes na Eurorrexión, xunta coas Universidades, nun intento de achegar mais a investigación ao mundo empresarial. A inclusión de 22 Centros Tecnolóxicos homologados (12 de Galicia e 10 do Norte de Portugal), requiriu a adhesión destes centros ao IACOBUS (nun acto que tivo lugar o 14 de setembro de 2018 en Porto). En canto a resultados do Programa IACOBUS Estancias, cun orzamento de 185.000€, seleccionáronse 159 proxectos dos 253 presentados mediante a plataforma online do Programa, o que amosa o grande interese e éxito do mesmo.

Nesa mesma data púxose en marcha a 1ª convocatoria IACOBUS Artigos Científicos ou “Papers”, co obxectivo principal de fomentar a cooperación transfronteiriza en actividades de investigación e divulgación científica, a través de axudas económicas á publicación de artigos científicos e de investigación; cun tope máximo da axuda de 1.000 € por paper. Cun orzamento total de 50.000€, seleccionáronse 34 das 37 publicacións científicas presentadas.

3.- Programa NORTEAR

Tamén se destaca o desenvolvemento das actividades culturais enmarcadas no Programa NORTEAR, desenvolto coa Dirección Xeral de Políticas Culturais da Xunta de Galicia e a Direção Regional de Cultura do Norte de Portugal, que ten como principais obxectivos distinguir anualmente obras literarias orixinais de ambas as dúas beiras do Miño, incentivar a produción literaria entre a mocidade galega e portuguesa, e favorecer a circulación e distribución de obras literarias entre Galicia e Portugal, para reforzar o diálogo cultural entre os dous territorios. Os galardoados reciben 2.000 euros, e a súa obra é publicada logo en galego e portugués. O 18 de decembro de 2018 entregouse o premio correspondente á 4ª edición á obra “Ver” da autora Sara Brandão e o lanzouse a 5ª edición

Outras das actividades de dito Programa foron a estrea da creación artística “Clementina”, baseada na obra vencedora da 1ª edición deste premio, que decidiuse adaptar como peza musical homónima, e que tivo lugar en Vila Nova de Gaia; a inauguración da exposición “Nortear” sobre o patrimonio bibliográfico galego – portugués realizada en Santiago de Compostela; ou as Conversas Nortear, entre escritores galegos e portugueses que se desenvolveron o 22 de maio en Vila-Real, na Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro (no que participaron Paula Carballeira e João Pedro Messeder) e o 10 de decembro, no Liceo de Ourense, coa participación de Diego Ameixeiras e de Francisca Camelo)

4.- IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)

Por outra banda, o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) aprobado polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) o 18.04.2018, polo Consello da Xun-

ta o 05.05.2018 e pola Comisión 1a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior do Parlamento de Galicia o 22.06.2018; é o instrumento de Planificación da Cooperación Galega para os vindeiros catro anos. As actuacións concréntanse nos Plans Anuais correspondentes.

O novo plan director recolle actuacións en relación cos Países Africanos de Língua Oficial Portuguesa (PALOP). A continuidade das alianzas de traballo co PALOP constitúe un dos valores diferenciais da cooperación galega. De feito, a Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post 2020 da Xunta de Galicia destaca a necesidade de afondar a acción exterior de Galicia no ámbito lusófono do África Subsahariana. Neste contexto tamén cómpre trasladar á cooperación ao desenvolvemento ao disposto na Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, que establece no seu artigo 3º: “Deberán ser promovidas, así mesmo, as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego”. Polo tanto, tendo en conta a experiencia histórica da cooperación galega no ámbito lusófono, este Plan director recoñece o valor e experiencia de traballo nestes países socios da acción exterior galega sinalando como países prioritarios a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique.

O IV Plan Director recolle entre os seus resultados de xestión que os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentables. Isto concréntase nunha liña de actuación que persigue reforzar a colaboración transfronteiriza cos axentes portugueses de cooperación. En concreto, a D.X. de Relacións Exteriores e coa UE apoiará aos axentes galegos de cooperación que establezan espazos ou alianzas de traballo cos seus homólogos portugueses de cooperación no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego, da Coordinadora Galega de ONGD e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.

5.- II Encontro Mulheres da Lusofonía: Mulheres, Territórios e Memórias

En canto a outras actuacións concretas, o 07.04.2018, a Subdirección Xeral de Acción Exterior inaugurou o “II Encontro Mulheres da Lusofonía: Mulheres, Territórios e Memórias” organizado pola Academia Galega da Lingua Portuguesa en Santiago de Compostela, en asociación coa Comunidade de Países de Lingua Portuguesa.

6.- Estudos Galegos No Camiño do Xacobeo 21

Tamén se participou nunha táboa redonda sobre as relacións lusogalaicas e o turismo, nomeada “Os estudos galegos no Camiño do Xacobeo 21”, que tivo lugar en Santiago de Compostela o 14 de decembro de 2018;

7.- Curso de Portugués para o persoal da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE

No que se refire a aprendizaxe da lingua portuguesa, e como complemento aos cursos de portugués da EGAP, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea está desenvolvendo un curso de portugués para o seu persoal, cunha duración de 150 horas, que comezou en novembro de 2018 e rematará o 30 de outubro de 2019, estando o seu contido fundamentalmente orientado ao portugués oral e aplicado á xestión.

8.- Integración de Galicia na CPLP

En canto á integración de Galicia na Comunidade de Países de Lingua Portuguesa (CPLP), están a darse pasos nesa liña: de feito, o propio Presidente da Xunta de Galicia recibiu o 8 de novembro de 2018 á Directora Xeral da CPLP. E o 8 de marzo de 2019 o Director Xeral de Relacións Exteriores e

coa UE e o Secretario Xeral de Política Lingüística para tratar da posible incorporación de Galicia como “observador asociado” na CPLP (lémbrese que para a devandita incorporación é necesario o consentimento expreso do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación español).

9.- Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía

O 12 de novembro do 2019 Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística, participou na mesa inaugural do “Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía: os municipios, pezas clave do desenvolvemento”. A Escola Galega de Administración Pública acolleu a celebración deste evento promovido polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade co apoio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e independente, que na actualidade agrupa 97 concellos e as Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra, comprometidos coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na colaboración con terceiros países. Persegue impulsar un maior compromiso de cooperación para o desenvolvemento das entidades locais, nun marco máis estable e permanente. Desde o ano 2000, a Xunta de Galicia asina anualmente un convenio de colaboración co Fondo para a realización de accións de fortalecemento da propia organización e accións de sensibilización e concienciación, co obxectivo final de fortalecer a solidariedade municipalista galega. Nese obxectivo encádrase a organización do Foro da Cooperación Municipalista da Lusofonía, que reúne representantes políticos de sete países de lingua oficial portuguesa coa finalidade de achegarlles as súas realidades ás diversas autoridades locais galegas que participarán nel e, ao tempo, reflexionar sobre o relevante papel dos gobernos municipais na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) fixados pola ONU.

10.- Intercambios Galicia – Portugal : os municipios a prol dos ODS

Por outra banda, o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade organiza tamén os “Intercambios Galicia-Portugal: os municipios a prol dos ODS”, co financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

Promover a implementación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no eido local é a finalidade destes intercambios, que se desenvolven en seis vilas galegas durante un mes, entre o 5 de novembro e o 5 de decembro do 2019. Os concellos de Ponteareas, Vilagarcía, Pontevedra, Guitiriz, As Pontes e Verín reciben no marco desta actividade a cadansúa delegación de Amadora, Matosinhos, Faro, Seixal, Maia e mais Loures e Palmela, respectivamente, para coñecer exemplos de boas prácticas no marco da Axenda 2030 fixada pola ONU. O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade organiza os encontros,

Os Intercambios Galicia-Portugal teñen unha duración de 2 días en cada concello, e as sesións estarán dinamizadas por persoal especializado da ONGD lisboeta Instituto Marquês de Valle Flôr. Ademais de presentar o perfil de cada municipio, o galego e o portugués, e de revisar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, as xornadas de traballo permitirán profundar nas fases para a localización dos ODS, é dicir, para integralos nas políticas públicas locais. Sensibilización, adaptación, implementación e monitorización son as catro fases deste proceso, que permitirá definir as estratexias para que cada concello contribúa a facer realidade a Axenda 2030.

Cada un dos 17 ODS aprobados en 2015 polas Nacións Unidas estrutúrase en metas concretas, ata sumar un total de 169, que buscan erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas nun prazo de quince anos. Estímase que o 65% destas metas só poderán acadarse cunha implicación directa dos gobernos rexionais e locais, que baixo esta

nova ollada deberán revisar a formulación de políticas, mellorar a coordinación temática e sectorial e impulsar novas dinámicas de gobernanza.

A superación de moitos dos desafíos identificados nos ODS depende pois da administración municipal, que pola proximidade á cidadanía pode coñecer e dar resposta ás súas necesidades. Os ODS son tamén unha oportunidade para mobilizar e empoderar aos axentes locais arredor de aspiracións comúns e para guiar políticas máis integradas e coherentes, que promovan solucións locais a prol dun desenvolvemento máis inclusivo e sostible.

OUTROS

1.- NÓS NO MUNDO: A Lusofonía en Galicia

O “Nós no mundo” é un informe reflexivo de periodicidade anual arredor da acción exterior galega que publica o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) dende o ano 2010. Esta publicación presta especial atención ao acontecido no exercicio precedente, pero tamén ás proxeccións temáticas máis sobresaíntes respecto ao seguinte e vindeiros anos.

No marco da Estratexia Galega de Acción Exterior (EGAEX), o “Nós no mundo 2019” centrou a súa atención nas relacións de Galicia coa Lusofonía, cadrando co quinto aniversario da Lei Paz Andrade e o primeiro aniversario da EGAEX.

2.- ARRINCANDO MARCOS 2019: Poesía galega no Porto

A Xunta de Galicia colaborou coa editora compostelá Edicións Positivas na celebración dunha xornada poética o 30 de marzo do 2019 na cidade de Porto. O acto central da xornada tivo lugar na Librería Poetria e nel oito poetas galegos ofreceron ao público portugués un recitado conxunto.

A experiencia foi recollida nun libro que se distribuíu por distintas librerías do Porto, Braga e V. Nova de Cerveira

3.- SAÍDA DUNHA OBRA DA COLECCIÓN DO CGAC PARA FORMAR PARTE DA EXPOSICIÓN “AÍNDA O DESCONFORTO MODERNO”

O CGAC prestou a obra “Deep Breath” do artista Miguel Palma para que forme parte da exposición “Aínda o desconforto moderno / Modern Discomfort Still” que se celebrará no Museu Colecção Berardo Arte Moderna e Contemporánea de Lisboa (Portugal), dende o 18 de setembro de 2019 ao 19 de xaneiro de 2020

4.- GALEGO, PORTA ABERTA PARA O MUNDO 2: Lingua, pensamento e cultura en Galicia e Portugal

Segunda edición deste Curso de Verán da Universidade de Santiago de Compostela (USC), celebrado en Rianxo entre o 25 e o 28 de xuño do 2019.

A SXPL colaborou na súa organización coa USC, coa Academia Galega da Língua Portuguesa, coa Associação Galega da Língua, coa Deputación da Coruña e co Concello de Rianxo.

O programa do curso puxo o foco sobre os contactos culturais existentes entre Galicia e Portugal, analizando polo miúdo varias cuestións, como o papel da lingua como ferramenta de desenvolvemento económico e social, as posibilidades que abre a aprobación da Lei Paz Andrade, as actuais liñas de pensamento común a ambos lados da fronteira

5.- ENTRE MARGENS : ENCONTRO DE TOCADORES

Festival de música celebrado entre o 30 de maio e o 2 de xuño en Caminha. Nesta edición, un dos concertos celebrouse tamén na localidade galega da Guarda.

O Festival está adicado ao folk e á música tradicional de Portugal e Galicia.

6.- SISTEMA ELECTRÓNICO DE FACTURACIÓN: Tamén en portugués

A entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas introduciu un novo marco normativo respecto dos dereitos e deberes das persoas físicas e xurídicas a relacionarse de forma electrónica coas administracións públicas.

Para adaptarse a esta situación, o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia estase a configurar como un sistema multiidioma capaz de facilitar aos provedores estranxeiros a presentación electrónica de facturas.

Ademais dos dous idiomas oficiais na nosa Comunidade Autónoma, o galego e o castelán, o sistema xa está dispoñible tamén en portugués, primeira lingua estranxeira en ser incorporada ao seu funcionamento.

7.- GALICIA E A LINGUA GALEGA, PROTAGONISTAS EN VARIOS MEDIOS PORTUGUESES

Como resultado da aproximación entre Galicia e Portugal, varios medios portugueses teñen dedicado este ano unha especial atención á nosa comunidade autónoma.

O “Jornal de Letras, Artes e Ideias” publicou un dossier titulado “Galiza, aqui tão perto do coração”, no que se trataba a proximidade entre a lingua galega e a portuguesa. A revista “Ler”, pola súa banda, dedicou unha reportaxe titulada “Nós, os galegos” ao filólogo portugués Fernando Venâncio, quen publicará en poucas datas unha obra na que explica que a lingua portuguesa orixinouse en realidade en Galicia e foi asumida como se fose propia por Portugal unha vez que este país se independizou.

Na revista “Ler” tamén entrevistouse ao presidente da Real Academia Galega, Victor Freixanes, que destaca que a orixe común das dúas linguas coloca á lingua galega en posición de relacionarse, sen renunciar á súa identidade, cunha ampla comunidade de falantes en todo o mundo.

8.- PARTICIPACIÓN DE GALICIA NO 1º MERCADO DA LINGUA PORTUGUESA

A Unión das Cidades capitais de Lingua Portuguesa (UCCLA) convidou o Goberno galego a enviar unha representación ao Mercado da Lingua Portuguesa, evento que celebraba a súa primeira

edición neste 2019 na cidade portuguesa de Cascais do 3 ao 5 de maio. A SXPL asumiu esa representación.

A UCCLA é unha asociación intermunicipal e internacional de cidades representantes de pobos e países de lingua portuguesa e as súas variantes, que exerce actividade de intercambio e cooperación nunha diversidade de áreas: cultural, social, rehabilitación do patrimonio, infraestruturas,, saúde, educación ou formación institucional, entre outras. A UCCLA está vencellada á Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP), entidade internacional na que no 2016 o Consello da Cultura Galega ingresou co estatuto de “Observador consultivo”.

Cadrando coa celebración o 5 de maio do Día da Lingua Portuguesa, data celebrada en todo o espazo lusófono dende o 2009, o Mercado da Lingua Portuguesa pretende homenaxear a este idioma mediante a unión das distintas culturas que o teñen en común, divulgando a música, a cultura, a gastronomía, a literatura, o artesanado, a danza y as tradicións deses países.

Entre os participantes desta primeira edición estiveron: Angola, Brasil, Cabo Verde, Goa, Guinea-Bissau, China, Galicia, Macao, Malaca, Mozambique, Portugal, Santo Tomé e Príncipe e Timor-Leste.

A SXPL, por medio do Falcón Branco, estivo presente nestas xornadas, que se estruturaban en catro eixos:

- a) Un posto no mercado, a través dunha pequena mostra da riqueza e diversidade cultural galega que incluía libros para diversas idades e públicos, publicacións turísticas, material audiovisual de toda índole, promocións do Xacobeo, mostras de artesanía e mostras de produtos gastronómicos.
- b) Actuación musical: a SXPL convidou a agrupación de gaiteros da Casa da Xuvvgentude de Lisboa, centro galego que xogou un rol importante nas relacións coa UCCLA
- c) Letras: faladoiro coa temática “Falares da Lingua Portuguesa: un contrabando de afectos”, coa participación do divulgador cultural galego Brais Fernández
- d) Actividade educativa para familias e infancia: Galicia participou cunha selección de xogos de mesa e xoguetes de Brazilinda, unha iniciativa que no 2017 xa fora merecedora do Premio Manuel Beiras da Cámara de Comercio e do Concello de Santiago polo seu labor encol da lingua no ámbito empresarial.